

Aclaracións sobre dúbidas comunicadas respecto das prácticas do tema 8

Pregunta ou apartado concreto	Contidos do libro de texto que debes estudar
a) tipos de industria	Clasificación da industria na pax 293
b) Subsector ao que pertence	Lede, simplemente, a lenda do 2º mapa (está en inglés pero é sinxela de entender)
c) Tamaño e desenvolvemento tecnolóxico (I+D+I)	Para describir o nivel de concentración (tamaño das empresas en cada subsector), eficiencia e custos de produción (tecnoloxía, man de obra, o solo, a enerxía...) analízade os gráficos da pax 306 do libro e comparade cos mapas da práctica
Importancia e situación actual da actividade industrial	<p>Midese en contribución ao PIB ou ao VEB (vid. docto 34 na pax 302 do libro)</p> <p>Consultade, tamén os apartados 7 e 8 do libro sobre as características da industria actual e a especialización rexional (esto é importante tamén para a pregunta teórica)</p>
<p><b>Factores de localización industrial</b></p> <p>(esto é moi importante mesmo para a parte teórica porque explica o nivel de desenvolvemento industrial en España)</p>	<p>Son de dous tipos: económicos e políticas favorecedoras da industrialización como se explica na pax 295 do libro (incluído o excelente cadro-resumo e o docto 21)</p> <p>Atención, no caso español á importancia das políticas económicas que favoreceron a industrialización (proteccionismo no XIX e durante o franquismo, desarrollismo cos polígonos industriais nos sesenta, custos da reconversión industrial nos anos 80... explicase ben nas páxinas 296-299 do libro que tamén debes consultar</p>
Industria endóxena ou esóxena	<p>Son conceptos que se aplican en función de que os capitais, e as tecnoloxías dese proceso industrializador sexan autóctonas (da propia sociedade) ou estranxeiros como aconteceu no caso da minería en España dende o século XIX e ata a actualidade. Pensade nas transnacionais que hai detrás dos proxectos mineiros de Touro: esas empresas levan o beneficio económico e a sociedade que vive nese territorio soporta os custos ambientais e económicos desa desfeita</p>